

Informe técnico sobre as proposicións presentadas no sobre C polas empresas concorrentes na contratación administrativa para o uso dunha plataforma de licitación electrónica para o Parlamento de Galicia.

O obxecto deste informe técnico é o estudo, avaliación e proposta de puntuación das proposicións presentadas polas empresas concorrentes nos respectivos sobre C, coa documentación técnica e relativa aos criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas, na contratación administrativa do uso dunha plataforma de licitación electrónica para o Parlamento de Galicia, remitidos a este Servizo pola Mesa de contratación, e posterior clasificación por orden decrecente segundo a puntuación total obtida.

I. Antecedentes:

Os pregos que rexen esta contratación foron aprobados pola Mesa do Parlamento na súa reunión do 28 de marzo de 2017, e publicados no BOPG nº 95, fascículo 1, do 4 de abril de 2017. O anuncio de licitación publicouse no DOG nº 81, do 27 de abril de 2017.

II. Empresas concorrentes:

Rematado o prazo para a presentación de ofertas constátase a recepción das proposicións das seguintes empresas:

- Altia consultores, S.A.
- Pixelware, S.A.

III. Criterios de adxudicación:

Segundo o apartado 16 do cadre de especificacións do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, os criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas, son os seguintes:

- a.- Prezo anual polo uso da plataforma: de 0 a 40 puntos. Puntuaranse as ofertas de acordo coa seguinte fórmula: $P_i=40*[(O_i-O_{\bar{i}})/(O_i-M_i)]$
- b.- Prezo da implantación e integración co Rexistro: de 0 a 5 puntos. Puntuaranse as ofertas de acordo coa seguinte fórmula: $P_i=5*[(O_i-O_{\bar{i}})/(O_i-M_i)]$
- c.- Número de usuarios do Parlamento: ata 5 puntos. 1 punto por cada usuario adicional, ata un máximo de cinco.
- d.- Ampliación do horario de atención de soporte: ata 5 puntos. Atribuiranse 5 puntos á oferta que máis incremente o horario de atención a partir das 18,00 horas, ao resto a que corresponda de acordo coa seguinte fórmula: $P_i=(5*O_i)/M_i$

IV. Ofertas presentadas no sobre C para os criterios availables de forma automática por aplicación de fórmulas:

EMPRESA	Prezo anual polo uso da plataforma (sen IVE)	Prezo da implantación e integración co Rexistro (sen IVE)	Número de usuarios	Ampliación do horario de atención de soporte
Altia consultores, S.A.	16.852,00 €	3.745,00 €	Ilimitado	14 horas
Pixelware, S.A.	15.000,00 €	0,00 €	0	1 hora

Todas as ofertas presentadas están dentro dos respectivos orzamentos máximos, polo que todas deben ser admitidas.

O prezo total de ambas ofertas (sen IVE) é o seguinte:

- Altia consultores, S.A. 20.597,00 €
- Pixelware, S.A. 15.000,00 €

Constátase que, conforme ao establecido na cláusula décimo segundo do prego de cláusulas administrativas, a oferta de Pixelware, S.A. podería estar incursa en baixa anormal ou desproporcionada.

V. Aplicación da fórmula de cálculo sobre os prezos ofertados polos licitadores:

Da aplicación das respectivas ofertas ás fórmulas establecidas no prego para a determinación da puntuación obtida por cada proposición, resulta a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Prezo anual polo uso da plataforma (sen IVE)	Prezo da implantación e integración co Rexistro (sen IVE)	Número de usuarios	Ampliación do horario de atención de soporte
Altia consultores, S.A.	30,12	1,26	5,00	5,00
Pixelware, S.A.	40,00	5,00	0,00	0,36

VI. Puntuación obtida polas empresas nos sobre B, conforme aos criterios cuantificación depende de xuízo de valor:

Por Acordo da Mesa de Contratación foille atribuída ás empresas a seguinte puntuación:

- Altia consultores, S.A. 37 puntos.
- Pixelware, S.A. 44 puntos.

VII. Resumo da puntuación atribuída ás ofertas presentadas:

Sumada a puntuación obtida polas empresas respecto de todos os criterios de adxudicación resulta a seguinte puntuación total:

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Puntuación criterios disponibles por aplicación de fórmulas	Puntuación Total
Altia consultores, S.A.	37,00	41,38	78,38
Pixelware, S.A.	44,00	45,36	89,36

VIII. Clasificación das ofertas

Procede clasificar as ofertas presentadas, en función da puntuación obtida, na seguinte orde:

1^a Pixelware, S.A.

2^a Altia consultores, S.A.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2017.

O xefe do servizo